

## **Lei 7/1984, do 26 de xuño, de regulación provisoria dos servicios xurídico-contenciosos da Xunta de Galicia**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 217, do 11.2.1984.

Emendas, BOPG núm. 235, do 17.3.1984.

Debate de totalidade, DSPG núm. 69, do 27.3.1984.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 276, do 26.5.1984.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 289, do 14.6.1984.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 80, do 26.6.1984.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 299, do 2.7.1984.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 146, do 1.8.1984.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 77, do 30.3.1985.

## **Lei 7/1984, do 26 de xuño, de regulación provisoria dos servizos xurídico-contenciosos da Xunta de Galicia**

Derrogada pola Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

A axeitada defensa en xuízo da Administración da Xunta de Galicia plantexa, no momento presente, unha dobre problemática:

1) A falla de concreción das regras en orde á representación e defensa da Xunta de Galicia e da súa Administración Institucional, así como das relativas á aplicación da competencia territorial.

2) A definición duns criterios organizativos que inspiren a actuación do órgano de defensa, co problema conexo da necesaria e urxente dotación de medios persoais.

Coa finalidade de cubri-la devandita necesidade con carácter provisorio, fórmulase a presente Lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Regulación provisoria dos Servicios Xurídico-Contenciosos da Xunta de Galicia.

### **Artigo 1**

O exercicio de accións en vía xurisdiccional correspóndelle ó

Consello da Xunta. A súa representación e defensa e a da súa Administración Institucional, en xuízo e fóra del, correspóndelles con carácter xeral ós Sevicios Xurídico-Contenciosos da Xunta de Galicia.

### **Artigo 2**

Son aplicables á Xunta de Galicia as regras de competencia territorial atribuídas ó Estado. Nos supostos de competencia dispositiva, tamén poderá ser demandada en Santiago de Compostela.

### **Artigo 3**

En tanto non se promulgue a Lei de Bases da Función Pública a adscrición do persoal Letrado ós Servicios Xurídico-Contenciosos da Xunta verificarase mediante integración na plantilla provisoria por concurso entre funcionarios de carreira que ostenten a devandita condición.

### **Artigo 4**

Sen prexuício da adscrición que organicamente lle corresponda ó persoal Letrado integrado na plantilla á que se refire o artigo anterior, este dependerá funcio-

nalmente dos Servizos Xurídico-  
-Contenciosos da Xunta de Gali-  
cia.

Disposición derradeira primeira

Autorízase á Xunta de Galicia  
para o desenvolvemento regula-  
mentario da presente Lei.

Disposición derradeira segunda

A presente Lei entrará en vigor  
ó día seguinte da súa publicación  
no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de  
xuño de 1984

Gerardo Fernández Albor  
Presidente